

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

SME/pmd

Exp. núm. 2023031739

**O Vicepresidente, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en función das atribucións que lle confire a resolución presidencial nº 2019012988 de 15 de xullo de 2019, dita a seguinte Resolución:**

De conformidade co disposto na base 12ª da convocatoria do Certame de Artes Plásticas Novos Valores 2023, aprobadas por Resolución Presidencial núm. RP2023003655, de data 05 de maio de 2023, RESOLVO designar os seguintes membros para formar parte do xurado encargado de emitir o fallo:

Presidente: Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra

Vogais:

- José Manuel Rey García. Director do Museo de Pontevedra.
- María Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes. Profesora Asociada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo).
- Ramón Rozas Domínguez. Xornalista cultural e crítico de arte.
- Susana González Martínez. Directora da Colección de Arte da Fundación María José Jove (FMJJ).
- Carme Nogueira Alonso. Artista e doutora en Belas Artes (Universidade de Vigo)
- Beatriz de San Ildefonso Rodríguez. Conservadora de Fondos Xerais. Museo de Pontevedra.

Secretario: Carlos Cuadrado Romay, secretario da Deputación Provincial de Pontevedra

O tribunal constituirase o día 12 de xuño de 2023 as 10:00 horas na Sala de Xuntas do edificio Fernández López do Museo de Pontevedra.

Os citados membros percibirán as indemnizacións correspondentes ós gastos de axuda de custos e desprazamentos polas reunións nas que se levante acta, segundo establece o R. d. 462/2002, de 24 de maio, e as actualizacións posteriores para o grupo 1. As asistencias percibiranse por asimilación segundo as contías fixadas para os membros de tribunais de selección de persoal do grupo A.

*(Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe)*

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

### INTERVENCIÓN – MUSEO - INTERESADOS

Rúa Pasantería, 2. 36002 Pontevedra / Tel. +34 986 804 100 / secretaria.museo@depo.gal / www.museo.depo.gal

